

DEPUTACION PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de ABRIL DE 2001**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, 27 de abril de 2001, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

- 1.- Aprobación da acta anterior, correspondente á sesión celebrada o día 30 de marzo de 2001.
- 2.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 4.800 deica a nº 6.999.
- 3.- Aprobación do proxecto reformado da obra Pista polideportiva cuberta, do Concello de Betanzos, incluída na 4ª fase da Primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación no marco do Convenio Xunta-deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 99.7450.0004.0
- 4.- Aprobación do proxecto de finalización da obra Pavillón polideportivo en Trapa, do Concello de Porto do Son, incluído na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0067.0
- 5.- Aprobación do proxecto reformado da obra Mellora de zonas verdes no recheo, do Concello de Cee, incluída no Plan 2000 de ambiente. Código 00.3440.0224.0
- 6.- Aprobación do proxecto reformado da obra Renovación de depuradora de auga potable, 1ª fase, do Concello de Valdoviño, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0362.0
- 7.- Convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para o financiamento do Programa de actividades.
- 8.- Convenio coa Fundación Camilo José Cela para o financiamento do proxecto de catalogación e dixitalización de fondos culturais.
- 9.- Convenio coa Fundación Camilo José Cela para o financiamento de cursos de verán.
- 10.- Proposta de formalización dun convenio administrativo para promover unha campaña de sensibilización de actuacións en materia de protección ambiental coa Fundación Fernández Latorre “Proxecto Voz Natura”.
- 11.- Proposta de modificación dos termos do convenio dos grupos de intervención rápida (gmir) 2001.

12.- Modificación das condicións de delegación da contratación da obra Rehabilitación da igrexa de Santa María de Doraña, Vilarmaior.

13.- Moción polos danos ocasionados polo terremoto no Salvador.

14.- Recurso formulado pola Sección Sindical de CCOO contra os actos de aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2001.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIONES

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE ABRIL DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 27 de abril de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE

DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Escútsase o Sr. Mosquera Maceiras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede a le-los asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2001.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 4/01 de 30 de marzo.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 4.800 DEICA A Nº 6.999.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 4.800 á nº 6.999.

3.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA, DO CONCELLO DE BETANZOS, INCLUÍDA NA 4ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN NO MARCO DO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0004.0

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para concretar a nosa posición de abstención neste punto, e tamén adianto do seguinte, do número catro, dado que nestes dous reformados se produce un incremento da achega económica que hai que facer para terminar as obras. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 42.620.655 pesetas sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Pista polideportiva cuberta, do Concello de Betanzos, código 99.7450.0004.0, que foi incluída na 4ª fase da Primeira programación plurianual do convenio Xunta -Deputación de instalacións deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 28 de maio de 1999.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 6.460.408 pesetas sobre contrata e 6.389.344 pesetas sobre adxudicación (código do proxecto reformado 99.7450.0004.2).

O financiamento do citado incremento poderá realizarse con cargo ó crédito dispoñible existente na partida 0501/452D/60173 do vixente orzamento provincial.

Por isto, os datos de financiamento da obra calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

	Financiamento definitivo sobre contrata
	Anualidade 1999
Deputación	33.067.002
Concello Fondos Propios	9.553.653
Total	42.620.655

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN DA OBRA PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN TRAPA, DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDO NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0067.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o expediente de resolución de contrato da obra denominada Pavillón polideportivo en Trapa-completo, código 98.3420.0067.0, incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura onde se inclúe un incremento tocante ás unidades de obras pendentes de executar do proxecto inicial:

1º.-Aprobar por un importe total de 50.085.354.- ptas., sobre o orzamento de contrata, o proxecto de finalización da obra Pavillón polideportivo en Trapa do Concello de Porto do Son, que foi incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes co código 98.3420.0067.5.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de finalización da obra que ascende a 11.612.169.- ptas. sobre contrata.

Este incremento financeiro integramente a deputación.

Con isto os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo.

Proxecto novo (código 98.3420.0067.5)

Proxecto novo (Código 98.3420.0067.5)		
Achegas	Orzamento contrata	Incremento. (Novo - Pdte. do inicial)
Deputación	40.942.721	11.612.169
Concello	9.142.633	
Total..	50.085.354	11.612.169

2º.-Dar por terminada a obra do Concello de Porto do Son denominada Pavillón polideportivo en Trapa, código nº 98.3420.0067.0, que foi executada parcialmente polo primeiro contratista adxudicatario ascendendo o executado a 17.284.244.- ptas. sobre contrata e 16.788.296.- ptas. sobre adxudicación e que foi incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 31.07.98, por resolverse o contrato e estar afectado esta por un proxecto novo de finalización con incremento.

3º.-Crear a ficha informática correspondente ó proxecto de finalización da obra co código 98.3420.0067.5.

4º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este expediente, entenderase definitivamente aprobado.

5º.-Condicionar a aprobación do financiamento deste proxecto de finalización con incremento da obra citadas á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos nº 1/2001.”

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA MELLORA DE ZONAS VERDES NO RECHEO, DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE AMBIENTE. CÓDIGO 00.3440.0224.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra Mellora de zonas verdes no recheo (código 00.3440.0224.0) do Concello de Cee, do que a contratación lle corresponde ó concello, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30.06.00, dado que a modificación non supón a variación, nin no obxecto, nin na finalidade nin no orzamento da obra nin do plan no seu conxunto.”

6.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA RENOVACIÓN DE DEPURADORA DE AUGA POTABLE, 1ª FASE, DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0362.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Valdoviño relativa ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro de 2000.

Aprobar o proxecto reformado para executar as obras que a seguir se relacionan, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Orzamento Total</u>
00.2100.0362.0	Renovación depuradora auga potable, 1ª Fase	32.517.699	9.171.659	41.689.358

7.- CONVENIO COA FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Aínda que estamos no punto número sete, a ninguén se lle escapa que a base en que se sustenta a proposta que figura neste punto, a do número 8, a do número 9 e a do número 10, é dicir, os catro puntos, revelan unha situación sobre a que eu me vou referir independentemente de que despois, no caso concreto do 8 e do 9, onde imos manter outra posición, a miña compañeira Ana Santiago faga unha referencia máis concreta ás propostas de convenio. Pero en calquera caso, e aténdome a esa intervención de carácter xenérico

sobre o tema dos convenios, eu creo que tódalas compañeiras e compañeiros que viron o expediente que vén hoxe a Pleno, chamaríalles a atención, non en todo caso, porque non sexa a primeira vez, pero si precisamente porque é dunha maneira reiterada, de que nos últimos tempos están aparecendo propostas que se traen a Pleno sustentadas presuntamente en actuacións de carácter excepcional, pero que revela ata que punto esta deputación está actuando, digamos, no fío da legalidade, e voume explicar.

O que vén hoxe aquí a debate non é, nin máis nin menos, que como se formula, como se estrutura a colaboración, entre comiñas, da Deputación da Coruña, con aqueles concellos e entidades por riba do que temos estipulado dunha maneira regulamentaria, é dicir, como a maiores dos mecanismos que temos estipulados, léase, no caso da colaboración dos concellos, plans de investimento, ou no caso concreto tamén das entidades, a política de subvencións, cómo articulamos, digamos, unha figura a maiores de todo iso, que permita esa colaboración, entre comillas volvo a dicir, entre a deputación e os concellos e entidades, é dicir, o que tradicionalmente se denomina establecemento de convenios. E non é esta a primeira vez, como dixen, nin é esta a primeira Corporación tampouco na que sae este tema a debate, é dicir, como xustifican as actuacións excepcionais esta deputación.

Se é certo, e habería que dar un debate, de se é certo e se é necesario que esta deputación teña que optar por este sistema, é dicir, por un sistema excepcional, á marxe da política xeral, tanto de investimentos como de subvencións, con determinados concellos ou entidades, en función da excepcionalidade, se é certo que iso ten que ser así, e habería que discutilo, xa digo, o que non parece moi claro é que a metodoloxía que se utilice prescinda daquilo que para nosoutros é básico, que é fundamentalmente a obxectividade no tratamento destas excepcionalidades e, desde logo, a transparencia, e nosoutros entendemos que, evidentemente, o que está fraqueando aquí, en calquera das catro propostas que se traen, aínda que cada unha ten a súa singularidade, porque efectivamente non se parece o contido das propostas que se fai, e desde logo o que se pretende facer en cada un dos convenios non ten absolutamente nada que ver nas catro propostas diferenciadas, pero en todo caso, si coxean as catro do mesmo defecto que é que, precisamente, acódesse a un sistema de carácter excepcional sen que deramos un debate de por que acudimos en determinados momentos a ese carácter excepcional e por que noutros non se acode. ¿Acudimos porque nolo piden as entidades ou acudimos porque existe unha vontade de colaboración expresa e excepcional por parte da Deputación da Coruña?, esa é a gran dúbida que temos aquí.

Quero dicir tamén que isto non se trata dunha interpretación de carácter particular por parte do Bloque Nacionalista Galego, porque os compañeiros e compañeiras poderán ver nos expedientes que figuran en cada un destes puntos, que hai moitos informes por parte dos servizos desta casa que acreditan que, efectivamente, é un tema que temos pendente de resolver, e que en lugar de estar fixando criterios para ilos resolvendo, é dicir, en lugar de

acabar coa excepcionalidade, o que estamos, en certa maneira, é aplicando unhas normas que converten en normal a excepcionalidade. Hai subvencións nominativas que pasan a Pleno, por outra parte, e outras non, é dicir, que tamén este criterio que se adopta non é un criterio lineal con tódalas actuacións ou con tódolos convenios que se subscriben.

E quero dicir tamén, é unha cousa á que me acabo de referir, que efectivamente hai convenios, hai contidos dos convenios que xustifican un carácter social ou un abano de actuacións que, canto menos, parece que axudan a entender o porqué se recorre a ese mecanismo excepcional, pero desde logo, outros non, é dicir, hai outros convenios que se propoñen aquí, e a miña compañeira Ana referirase en concreto ós dous puntos seguintes, onde nosoutros o que percibimos claramente é que esa política limitase única e exclusivamente a manter armazóns, e perdóeseme a expresión, ou desde logo, actuacións que irradian dubidosamente política-cultura, neste caso, porque é o tema do que estamos falando, ó conxunto da provincia.

Dicía antes que figura un anexo ós convenios, informes de Intervención e Patrimonio e Contratación, que eu creo que non soamente é que merezan a reflexión, senón que obrigarían, en función desa reflexión, pódese entender a excepcionalidade nun momento determinado, o que non se pode entender é que nos acostumemos a que eses informes figuren en cada un dos puntos que veñen, e os que temos que tomar esa decisión de normalizar esa situación, acostumémonos a que veña o informe, e esa situación de excepcionalidade, como dixen antes, convertámola en normal. E aínda hai pouco tempo, paréceme que hai escasamente un ano, ou menos dun ano, veu aquí un informe que era clarificador con respecto a un dos convenios que se propoñían, pois ben, eu quería ler simplemente dous parágrafos dun dos informes que figura anexo a unha das propostas, e non vou dicirles cál é, senón unha, porque é común, e por iso estou facendo eu esta intervención, que di claramente o seguinte:

“...Ademais do interese público da actividade subvencionada, deben consignarse e motivarse a excepcionalidade e as razóns extraordinarias que xustifican o seu réxime especial, como sucede normalmente noutros sectores administrativos, e así o interese indubidable dunha obra, servizo, ou abastecemento público para Administración, non exime a esta de seguir o procedemento legalmente establecido, nin de utilizar a forma de contratación adecuada en cada caso.”

E di, referíndose en concreto ó expediente, di claramente, e textualmente:

“...No expediente obxecto deste informe non se motiva a excepcionalidade nin as razóns extraordinarias de interese público que non permitan, ou fagan conveniente, a aplicación do principio de publicidade ou concorrencia, nin o afastamento do réxime xeral contido na convocatoria publicada no BOP do 19 de xaneiro de 2.001, dirixida “a apoiar

entidades sen fins de lucro na creación ou no mantemento de actividades, na construción ou mellora de infraestruturas, así como na adaptación de equipamentos das programacións que desenvolvan en materia de cultura, deportes, servizos sociais e promoción económica.”

E termina, e isto si que non pide un debate, senón que pide unha solución, termina de que “... a proposta non se adecúa ós criterios sinalados no apartado cuarto deste informe en relación co primeiro, tampouco figura no expediente ningún trámite de coordinación ou, ó menos, de información, con outras das asociacións ou membros da fundación, nin a mención das achegas de todos eles”. E termina dicindo: “En consecuencia, non pode informarse favorablemente a proposta.”

Ben, ¿por que leo isto?, porque claro, evidentemente, cando a un grupo político se lle somete un asunto para debate e para toma de posición determinada, ese grupo político, por moito que entenda, como entendemos que o contido de cada un dos convenios, destes catro convenios, é diferente, o que non podemos obviar é que a base da que parten é indicativa dunha situación de anormalidade na que está funcionando a deputación, e esa situación de anormalidade nosoutros non podemos obvia-la en función de que nos guste máis un convenio ou outro. E quero dicir, ademais que efectivamente non podemos agochar a cabeza. Esta deputación leva bastante tempo practicando a política da avestruz, que é cada vez que ve un informe do tipo do que acabo de ler, o que pon aí, di, non obstante o Pleno poderá adoptar o acordo que mellor lle conveña, cando realmente esa política de avestruz leva, como dixen antes, efectivamente, a converter en normal situacións de carácter excepcional e ademais que están na raia da legalidade, porque na práctica rompen as convocatorias que se fan con publicidade e con participación, entón rompemos ese principio que nosoutros mesmos nos marcamos cando facemos a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Entón, concreto, Sr. presidente, nosoutros xa non é a primeira vez que lle facemos ese chamamento para que se normalice esta situación e adiántolle que, ademais, á vista de que, por parte do grupo de goberno, non se busca unha vía que normalice e que regularice este tipo de situacións, o noso grupo, con toda seguridade, traerá ó vindeiro Pleno unha proposta para que, se hai que actuar con situacións excepcionais, se garanta, aínda nesas situacións excepcionais, que o que é excepcional é a proposta que se trae, pero o que non é excepcional é que teña publicidade e que teña un grao de participación que garantra a transparencia nestas actuacións por parte da deputación.

Neste senso, e xa digo, á marxe dunha intervención concreta nos dous puntos seguintes, adianto que na proposta do punto número sete, e na proposta do punto número 10, que nos parecen en concreto que teñen contido e que efectivamente figura unha certa xustificación dunha actuación excepcional por parte da deputación, pero o que falla é a instrumentación. Entón, nosoutros neste caso, que nos houbera gustado incluso dar un voto

favorable pero é evidente que cos antecedentes que acabo de explicar o BNG non pode apoiar porque entendemos que non ten un sustento legal o suficientemente transparente e o suficientemente aberto.

Polo tanto, xa digo, no punto número 7, e no punto número 10, entendendo como ademais aceptable e interesante o contido de cada unha das propostas que se trae, o noso grupo político vai manter a posición de abstención e xa digo, no punto número oito e no número nove, vai haber unha intervención por parte da miña compañeira Ana, específica sobre o propio contido dos convenios que se traen. Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Con relación a este punto, o voto do grupo socialista vai ser afirmativo, aínda que compartimos parte das opinións expresadas polo representante do Bloque Nacionalista Galego na súa intervención, cremos que, tanto o punto sete coma o punto dez, teñen que ter un tratamento diferente, aínda que o voto do grupo socialista vai ser similar nos catro. E cremos que hai que regular dalgunha forma o tema dos convenios, hai que acudir a menos convenios, e hai que desviar algún dos convenios cara á política de subvencións. Pero neste caso, o 7 e o 10 son actuacións da deputación que non terían, ó noso xuízo, encaixe dentro da política de subvencións, ¿por que non terían encaixe?, non terían encaixe porque se asinan convenios con outra institución e danse contrapartidas, a deputación achega e a institución subvencionada achega tamén contrapartidas á deputación, e isto é algo que cunha subvención non se pode regular.

E imos votar que si ó punto número sete porque o Centro Internacional de Estampa Contemporánea, é algo que, en definitiva, axudou a crear esta Deputación provincial. O Centro Internacional de Estampa Contemporánea surxe da escola de gravado, que se crea á súa vez, a resultas dos cursos que esta deputación sempre subvencionou os cursos de verán en Betanzos do Centro de Gravados. Polo tanto, non só houbo historicamente unha achega económica da deputación desde o ano 1985, senón que houbo unha achega material coa edición dos catálogos que, ano tras ano, esta institución fai dos catálogos do curso de gravado.

E dicimos que non pode ter unha regulación pola vía das subvencións porque, concretamente o Centro Internacional de Gravado á deputación vaille ofrecer o admitir de balde a artistas e alumnos seleccionados pola Deputación da Coruña nos obradoiros e cursos monográficos de gravado, ata un máximo de tres persoas por cada actividade; ceder as experiencias realizadas polo Centro Internacional de Estampa Contemporánea para a súa mostra itinerante nas salas da provincia; entregar unha selección da obra gráfica realizada nos obradoiros e cursos de gravado; realizar unha edición de estampas, cen exemplares para a

súa utilización como agasallo institucional da deputación; realizar programas..., é dicir, un montón de contrapartidas.

Polo tanto, o grupo socialista vai votar que si, vai votar que si compartindo parte das opinións expresadas polo Bloque Nacionalista na súa opinión sobre o tema dos convenios, e imos votar que si porque, en definitiva, é a continuidade dunha acción da deputación a un apoio que desde o ano 1985 vén prestando esta Deputación ó centro de gravado da cidade de Betanzos.

Sr. Varela Rey

Primeiro para manifestar o total desacordo coa intervención do voceiro do BNG. Este grupo político ten un respecto á legalidade total e absoluta, poderíase propoñer incluso unha modificación nas bases de execución, pero nosoutros entendemos que non queremos modificar porque téñabeiro e cobertura suficiente para levar a cabo este convenio, reitero, dentro do respecto á legalidade.

Cando fala de que non hai transparencia, eu creo que non hai transparencia unha, senón que hai dúas, é dobre. Hai transparencia en canto a que se incorporan estes convenios nominativos con cantidades e con todo no propio orzamento, e a maiores tráese hoxe aquí o convenio, co cal digamos que estamos... ¿cándo non hai transparencia?, cando aquí tratas de encubrir algo, de tratar de incorporalo pero sen que apareza, iso parece que sería opacidade, pero eu creo que non, cando aparece no orzamento, publicado con período de alegacións, etc., etc., eu creo que maior transparencia non vale, polo tanto nosoutros entendemos que o facemos nese sentido.

Se ben alguén pode entender, creo que erroneamente, que se podería interpretar subvencionable, subvencionable é cando segundo as convocatorias é de todas aquelas entidades da provincia que poidan facer actividades parecidas, pero seguramente que habería moi poucas, eu estaría por dicir que ningunha, que puideran levar a cabo a actividade e a proposta e a oferta cultural que ha desenvolver o Centro Internacional de Estampa Contemporánea. A maiores do que sinalaba o voceiro do grupo socialista, non é con carácter xeral que hai un interese público claro e manifesto, hai un apoio á cultura, hai un carácter social, que eu creo que hai que ponderar e, sobre todo, hai un destino e un obxectivo a quen vai este tipo de actividades. Hai unha participación e un compromiso por parte da deputación, como ben se di, na propia iniciación do que é o Centro Internacional de Estampa Contemporánea. Polo tanto, cremos que os aspectos singulares, como é este o caso, e como son os casos seguintes, que deben de merecer o apoio tamén nese sentido, e non con carácter xeral como se trata de facer aquí.

Polo tanto, reiteramos ese respecto total e absoluto á legalidade, e nese senso á obxectividade, e non transparencia, senón dobre transparencia. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

Moi breve, Sr. Varela, se non hai publicidade, non hai moita transparencia, entón ese é un criterio noso, naturalmente, porque é que estamos falando aquí de buscar unha excepcionalidade para un caso que eu non sei se é como di o Sr. Moreda, que é un caso excepcional, ou non, pero en todo caso non é este o único caso de propostas de convenios que se pasaron aquí, que se podería regular doutras formas. E é máis, dígolle outra cousa, en todo caso miremos cál é a política desta deputación no tocante á política de convenios, ¿cal vai ser a nosa actuación no tocante á política de convenios?; eu, ó contrario do que dicía o Sr. Moreda, a min gústame a política de convenios, gústame que a colaboración desta deputación con entidades ou con outros concellos, sobre todo con entidades, esta instrumentada cunha serie de contrapartidas, que reverten no conxunto da provincia, etc., etc., ese debate xa o demos aquí coa Orquestra Sinfónica, etc., etc., moitísimas veces, non é nada novo. Pero en todo caso, nosoutros o que vemos é que en función desa excepcionalidade o que se está facendo é manter acordos en concreto e, digámosllo claramente, non quero entrar no punto seguinte, porque vai entrar a miña compañeira, pero acordos que si son dúbidosos porque si que non reverten para nada.

E non vaia vostede por ese camiño, porque estamos no punto onde se trae unha proposta de articulación dun convenio, non se trae a proposta de se estamos de acordo ou non con que se participe, e teño que dicir aquí que, non soamente somos favorables, senón que ademais estamos absolutamente de acordo co fin que está cumprindo o Centro de Gravado, e dixémolo xa no seu momento, entón non vaia vostede por ese camiño porque unha cousa é unha declaración de fe, ou unha postura determinada de se eu penso que ten que haber ou non colaboración, en concreto con este centro de gravado, e outra cousa é como se instrumenta, e pódese instrumentar de moitas maneiras, e nosoutros pensamos que hai outra, e esa outra é a que hai que dar en función do debate, porque nolo están pedindo os informes dos técnicos, que nos están dicindo que nos estamos situando nunha fórmula que non está como moi clara, xa non quero dicir que non sexa clara, non está como moi clara. Entón, a min paréceme un informe dun técnico unha vez, pero á segunda vez eu dou o debate para buscar que iso se faga doutra forma, e nosoutros o que estamos vendo é que vostedes xa se están acostumando a que os informes dos técnicos veñen así, e tirar para adiante, e iso é unha situación de excepcionalidade que a nosoutros non nos gusta. Entón, polo tanto, deamos un debate para ver como cara ó ano 2.002 instrumentamos esa fórmula de colaboración excepcional, se ten que existir, dunha maneira moito máis adaptada a dereito, que é o que estamos pedindo nosoutros, e non me diga vostede que vén no libro dos orzamentos, que se puido recorrer contra el, etc., etc., porque non estamos falando diso, Sr. Varela, estamos falando do convenio, da proposta de convenio, e por algo vén hoxe a pleno,

e por algo trae o informe que trae, senón sería moito máis sinxelo, vostedes aproban o Pleno e reparten as subvencións nominativas, pero non pode ser así, e vostede sábeo, por iso ten eses dous informes ós cales vostede, paréceme moi ben, dálles unha importancia determinada, e nosoutros dámoslle outra, eu non dixen que vostedes se situaran na ilegalidade, dixen que canto menos isto obrigaría, Sr. Varela, a unha reflexión, e a unha toma de posición que vostedes non queren facer, e nosoutros queremos que se faga, e todos tan contentos, non hai porqué poñerse aquí..., eu non acusei a ninguén absolutamente de nada, pero desde logo a min pésanme eses informes dos servicios técnicos, e a vostede vese que non lle pesan tanto, é outro tipo de cuestión. Máis nada.

Sr. Varela Rey

Brevemente. Antes falaba de transparencia, eu dicía que había dobre, agora fala de que non hai publicidade, pero estase publicando nos orzamentos desta deputación, na páxina 41, no título V de subvencións, na base 47, e no ámbito de aplicación, e no apartado segundo que sinala que “entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a unha entidade pública ou unha entidade privada sen ánimo de lucro, por razóns extraordinarias de interese público que non permitan, ou non fagan conveniente a aplicación do principio de publicidade e concorrencia.” ¿Quere máis publicidade que algo aprobado nun orzamento con todo tipo de transparencia nestas bases?, eu creo que non, polo tanto temos que apoiar esta situación e que respecta, reiteramos, ese principio de legalidade, transparencia e publicidade. Moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (15 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a subscripción dun convenio coa fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, para o financiamento do Programa de actividades, segundo o seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para o financiamento de actividades.

A Coruña, de de 2.001

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña asistido polo secretario da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

O Sr. D. Jesús Núñez Fernández, Presidente da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporanea (CIEC), en representación dela.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, estalles atribuídas e expoñen

1.-Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que a fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea constituise na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, figurando entre os seus membros fundadores o concello desta cidade.

3.-Que a fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral e a arte gráfica en particular.

4.-Que a deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.-Que a fundación CIEC pretende acometer durante o presente ano un programa de actividades dirixidas á formación de artistas e difusión das artes plásticas considerado de gran interese pola deputación.

6.-Que, co fin de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, acordan subscribir o presente convenio, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-O obxecto do presente convenio é o financiamento das seguintes actividades programadas pola fundación CIEC para o ano 2.001.

- Obradoiros e cursos monográficos de gravado.

- Conferencias e xornadas de carácter teórico.
- Asistencia e organización de exposicións.
- Edición de estampas, carpetas e libros de artista.
- Visitas didácticas ó Museo da Estampa Contemporánea.

En concreto, a achega da Deputación da Coruña destinarase para financiar os gastos que figuran no orzamento que se xunta como anexo a este convenio.

Segunda.-A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de doce millóns de pesetas (72.121,45 euros).

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 75,2823% do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

Terceira.-Correspóndelle á fundación CIEC a selección do profesorado e persoal, as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de tódolos gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

Cuarta.-A fundación CIEC comprométese coa Deputación da Coruña a facilitar os seguintes servicios:

- Admitir, de forma gratuíta a artistas e alumnos seleccionados pola Deputación da Coruña nos obradoiros e cursos monográficos de gravado, ata un máximo de tres persoas por cada actividade.
- Ceder as exposicións realizadas pola CIEC para a súa mostra itinerante en salas da provincia.
- Entregar unha selección da obra gráfica realizada nos obradoiros e cursos de gravado.
- Realizar unha edición de estampas (100 exemplares) para a súa utilización como agasallo institucional pola deputación.
- Realizar programas de visitas didácticas ás instalacións do CIEC, obradoiros e colección permanente do Museo da Estampa Contemporánea, para escolares e asociacións culturais da provincia.

Quinta.-Co fin de facilitar as actividades para a organización das actividades do presente convenio, a Deputación da Coruña aboará á fundación CIEC a cantidade de 6.000.000 de ptas. á sinatura do convenio, trala presentación previa de aval polo citado importe.

Sexta.-A Deputación da Coruña aboará o resto da súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, trala presentación previa da seguinte documentación:

- Certificación na que se detallan tódolos pagamentos realizados correspondentes ás actividades sinaladas na cláusula primeira.
- Certificación dos ingresos producidos por matrículas e achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, abonándose o 75,2823% da cantidade realmente xustificada.

Sétima.-A fundación CIEC comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se concedeu e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Oitava.-Créase unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada por un representante da Deputación da Coruña e cun representante da fundación CIEC.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, no caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

Novena.-A fundación CIEC comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

Décima.-O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de decembro de 2.001.

Undécima.-O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado a tódalas cláusulas, esténdose no lugar e data sinalados.

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo: Jesús Núñez Fernández

Asdo: José Luis Almau Supervía”

ANEXO

ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN "CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA" PARA O ANO 2001

TALLERES E CURSOS MONOGRÁFICOS DE GRAVADO

Profesorado talleres	1.100.000.-
Profesorado cursos monográficos	2.000.000.-
Axudas de custo, aloxamento e viaxes	900.000.-
Xefe de taller	900.000.-
Coordinación	1.300.000.-
Secretariado	900.000.-
Material didáctico	1.800.000.-
Difusión (publicidade, folletos, correo)	800.000.-
Total	9.700.000.-

CONFERENCIAS E XORNADAS

Honorarios relatores	600.000.-
Axudas de custo, aloxamento e viaxes	700.000.-
Material didáctico	100.000.-
Coordinación e secretariado	120.000.-

Total **1.520.000.-**

EXPOSICIONS

Asistencia Feira da Estampa	1.500.000.-
Viaxes, enmarcado, folleto	500.000.-
Exposicións do CIEC (invitacións enmarcado, catálogos)	500.000.-
Total	2.500.000.-

EDICIÓN ESTAMPAS

Gastos de estampación (honorarios)	1.000.000.-
Materiais	400.000.-
Total	1.400.000.-

VISITAS DIDÁCTICAS

Honorarios artistas	400.000.-
Material didáctico	200.000.-
Folletos explicativos	220.000.-
Total	820.000.-

TOTAL GASTOS ACTIVIDADES **15.940.000.-**

8.- CONVENIO COA FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE CATALOGACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE FONDOS CULTURAIIS.

INTERVENCIONS

Sra. Santiago López

Vou unificar na miña intervención os dous puntos, o punto 8 e o punto 9, porque como moi ben adiantaba o voceiro do noso grupo, cremos que merecen unha intervención específica.

Non é nova a postura que este grupo está mantendo no tocante á política de subvencións á fundación Camilo José Cela, porque francamente, a estas alturas isto está sendo unha sanguía constante para esta deputación, e este convenio vén a ratificar un pouco o que xa comentabamos noutras intervencións plenarias, e en comisións, na última comisión en concreto, na que diferenciabamos, como moi ben dicía o noso compañeiro ó principio da súa intervención, a clara diferenciación que existe entre o convenio coa Fundación Internacional da Estampa e estes dous convenios que se presentan coa fundación Camilo José Cela. No primeiro deles cando menos, aparece un programa moi claro e específico de contraprestacións que esta fundación vai ofrecerlle á deputación, nos outros dous non aparece ningún tipo de contraprestación en absoluto.

Comentabamos xa na comisión que nos parecía esaxerada a colaboración que se está mantendo con esta fundación, sobre todo en comparación con outro tipo de organizacións, asociacións ou fundacións, nas que o seu traballo podería dar pé a que esta deputación colaborase dunha maneira moitísimo máis ampla, ou simplemente colaborase porque, en moitos casos, non existe.

Xa advertiamos nesta comisión, como digo, que esta Deputación leva desde o ano 87 concedidos 137 millóns de pesetas a esta fundación, pero é que non é a única Administración que colabora coa fundación Camilo José Cela, a Deputación de Pontevedra deulle 21 millóns, a de Lugo 11, a de Ourense outros 11, a Consellería de Cultura en tres anos, 86 millóns de pesetas, e este ano 35; 40 millóns e medio a Fundación de Ferrocarrís Españois.

Francamente paréceme un exceso, unha dilapidación de achegas económicas de moitísimas institucións, para unha fundación que non está achegando nada en absoluto, voume permitir parafrasear ó Sr. Aznar, “cero pataqueiro”, cero pataqueiro á cultura desta provincia, practicamente descoñecido, sabemos que levan catalogando e dixitalizando as edicións da obra do Sr. Cela probablemente vinte anos -non, vinte anos non, que non leva tantos anos funcionando-, pero iso é precisamente o que este ano imos volver a subvencionar, oito millóns e medio de pesetas para a catalogación e dixitalización de fondos.

Preguntabamos na comisión ó presidente da Comisión de Cultura se a Biblioteca da Deputación provincial ten dixitalizados e catalogados tódolos seus fondos, a estas alturas descoñecémolo, pero parécenos un luxo africano que colaboremos nun proxecto que, ademais, está cofinanciado por Telefónica, que tamén achega outros cinco millóns de pesetiñas a este marabilloso proxecto de catalogación e dixitalización, cando a propia Biblioteca provincial non teñen os seus fondos catalogados nin dixitalizados. Parécenos moi pouca contraprestación que exista a posibilidade de que se poidan consultar os fondos desta deputación, e desde logo unha pírrica achega á cultura desta provincia, ter catalogadas e dixitalizadas as cartas, a obra, nas diversas linguas nas que está publicada, do Sr. Cela.

E no tocante á achega da deputación neste tema en concreto que, en teoría, será para a contratación de bolseiros que fagan esta catalogación, somos conscentes de que a Xunta de Galicia tamén ten, dentro deste programa de apoio ós arquivos e bibliotecas e museos, unhas prazas ó dispor da fundación Camilo José Cela, é dicir, e non é o primeiro ano que isto ocorre, hai máis anos, deben de estar eses fondos catalogados, recatalogados, e ben, debe de haber un coñecemento exhaustivo de como están os fondos desta fundación.

E o seguinte punto, o seguinte convenio, é un convenio para un ano máis, uns cursos de verán sobre a obra do Sr. Cela. Sorprendíanos e así o faciamos ver na comisión, que cando se achega dentro da documentación da comisión e do Pleno en concreto, que se achega un orzamento ordinario, única e exclusivamente de gastos ordinarios da fundación Camilo José Cela. Obviamente, neste orzamento ordinario non parece o gasto de investimentos, no que esta deputación fai unha achega máis que honrosa, esaxerada, diríamos na nosa opinión: 30 millóns de pesetas este ano, 5 o ano pasado, ben, e así suma e segue desde o ano 87 que, como dicía, desde o ano 87 que levamos entregados por parte desta deputación á fundación 137 millóns de pesetas dos que, por certo, non temos ningunha noticia de como foi a súa xustificación e, cando menos, non temos un informe anual no que se nos especifique cál foi o resultado dese diñeiro.

O noso voto vai ser negativo, non creo que sorprenda porque non é a primeira vez que insistimos en que, cando menos, fágase unha pequena reflexión, e agardo que por favor non se me conteste que a importancia da figura do Sr. Cela, non quero que isto se pareza a Barrio Sésamo e eu teña que explicar aquí o que é o fondo e a forma, non cuestionamos en ningún momento que o Sr. Cela sexa un premio Nobel, sabémolo, xa o dixemos en anteriores ocasións, estamos cuestionando o funcionamento dunha fundación, única e exclusivamente, así que por favor, non saque a colación que o Sr. Cela é un premio Nobel, xa o sabemos, advírtoo.

Gustaríanos que, cando menos, e sobre todo nestes momentos, non imos facer ningunha alusión ó que está pasando agora mesmo, creo que todos o temos en mente, unha parada, un momentíño para reflexionar e decidir, que eu penso que xa vai sendo hora, que hai que cambiar esta situación que estamos tratando agora mesmo. Este convenio non pode volver a repetirse, e nosoutros, como dicía, imos votar en contra deste convenio.

Sr. Fernández Moreda

Así como dicía na anterior intervención que o punto anterior si necesariamente tiña que ser obxecto dun convenio, porque se convida entre dúas partes, hai un eu douche e ti dásme, o punto 8 e 9 non necesariamente terían que articularse a través dun convenio porque

son actividades que encaixarían dentro da política de subvencións da Deputación provincial. E digo isto porque hai informes, hai reparos a estes dous convenios por parte de Intervención e o Servicio de Contratación, e non nos parece adecuado que un premio Nobel asine un convenio que ten reparos, non é ilegal, pero ten reparos. Eu creo que eses aspectos formais deberíamos de cuidalos e consideramos que a achega ou as axudas que para actividades a deputación de á fundación Camilo José Cela, poidan articularse a través da política de subvencións, non é necesario articulalo, ou instrumentalizalo a través dun convenio, porque aínda que si hai unha achega ó patrimonio cultural da provincia que non é mensurable, non hai ningunha achega física, que é o que tería que regular un convenio. Pero si que é indubidable que hai unha achega ó patrimonio cultural, hai, por exemplo, 5.500.000 pesetas que van destinadas a bolsas a xoves licenciados en Filoloxía, a xoves licenciados en Bibliotecomanía e Documentalismo, non sei exactamente como é a palabra, que van ter unha experiencia profesional e van ter unha primeira experiencia de traballo gracias a este convenio da deputación, e é un tema que hai que resaltar, independentemente de resaltar a figura e a obra, fundamentalmente a obra, de Camilo José Cela.

Nosoutros entendemos que é bo e que é un enriquecemento cultural para a provincia, e non entramos no debate de se é un escritor galego ou español, porque tampouco se produciu aquí, indubidablemente, pero é un escrito galego como o é Torrente, Rosalía ou Castelao, Leiras Pulpeiro ou Manuel Antonio, pero si entendemos que estas cousas si hai que subvencionalas, hai que subvencionalas agora, porque debemos de conseguir que estas fundacións cobren vida propia, agora e non no futuro, porque se agora cobran vida propia, é máis doado que se manteñan no futuro cando pasen os feitos que, desgraciadamente, por lei natural, teñen que suceder.

Polo tanto, imos votar que si a este convenio, non nos gusta a instrumentalización desta axuda en forma de convenio, cremos que se pode articular perfectamente porque entra dentro dos supostos protexibles pola política de subvencións que ten a Xunta de Galicia e, desde logo, non nos parece moi elegante asinar un convenio se se aproba con reparos dos servicios desta casa.

(Sae o Sr. González Garcés).

Eu creo que cando a deputación, non só penso en Camilo José Cela, que é un premio Nobel e unha personalidade en España, gústenos ou non, pero non só Camilo José Cela, a deputación non debe de asinar nunca un documento que non vaia con tódalas bendicións, non só deste pleno, senón de tódolos servicios da casa. Polo tanto, no futuro, eu son partidario tamén de reflexionar sobre a política de convenios que habería que discutir se son convenientes ou non convenientes, e desde logo, todo aquilo que teña encaixe en política de subvencións, que se faga mediante unha política de subvencións, con concorrencia, con publicidade, con coñecemento, e con toda igualdade de oportunidades para todo o mundo.

Pero cremos que é bo apoiar á fundación Camilo José Cela no momento en que arrancan, cremos que, aínda que non hai unha contrapartida física, si hai unha contrapartida material, e imos permitir que xoves licenciados teñan acceso a un traballo, teñan a súa primeira experiencia laboral e oxalá iso no futuro lles sirva para adquirir máis experiencia e poder inserirse no mercado do traballo.

Abundar nun razonamento que explicamos xa no Pleno anterior, gustaríanos e pediríámoslle ó equipo de goberno que estes convenios que financia a deputación con fondos públicos, teñamos a oportunidade de fiscalizar cómo se emprega este diñeiro, non só neste convenio coa fundación Camilo José Cela, tamén co anterior de Betanzos, tamén co que imos aprobar a continuación, e con outros que aprobamos noutros plenos. Eu creo que é necesario, é un deber que nosoutros temos de solicitarlle á Corporación e ó equipo de goberno da corporación, que se nos informe de como se gasta este diñeiro e que se fai con este diñeiro nas comisións, e non só é un deber que temos, sernón que é un dereito que temos de solicitar esta información, porque vostedes teñen a potestade política de asignar o diñeiro a quen crean conveniente, e nosoutros temos o dereito e o deber de esixir o coñecemento de como gastan eses fondos. Polo tanto, rogámoslle que dean conta nas comisións informativas, cando o cumprimento, ó finalizar o ano, dos informes que dean para saber como se gastou, en que se gastou e por que se gastou desa forma.

Sr. presidente

Como vostede ben sabe, para cobrar o diñeiro concertado no convenio, terán que xustificalo previamente, non hai ningún inconveniente, por suposto, en presentarlle a todos vostedes a xustificación do diñeiro que vai da deputación a esas fundacións.

Sr. Varela Rey

Estamos falando de aspectos formais, por un lado, que é o único aspecto que o Bloque Nacionalista Galego está intentando poñer enriba da mesa. Aspectos formais que, na defensa deles, é exactamente a mesma intervención que eu facía no punto anterior, con base ó orzamento desta Deputación provincial. E hai outros aspectos que son fundamentalmente de fondo que é a importancia que poida ter unha fundación, como esta da que estamos falando, Camilo José Cela, non só para a provincia da Coruña, ou para os arredores de Padrón, senón para Galicia.

(Sae o Sr. Poza Domínguez).

Estamos falando dunha fundación que recibe subvencións e recibiu xa desta Deputación provincial desde hai xa moitos anos, estamos falando dunha fundación que recibe a achega doutras deputacións, que recibe achegas da propia Xunta de Galicia, de entidades

privadas, iso pode haber quen o considere que é malo, ou pode haber quen o considere que é magnífico, porque iso significa o compromiso de toda unha sociedade coa fundación Camilo José Cela, e pode haber alguén que, sabe o conto aquel do que estaba na milicia marcando o paso, e que o que mandaba a formación dicíalle que ía co paso cambiado, “non, non, quen vai co paso cambiado son os outros 99, eu vou ben”, claro, pois esta é un pouco a situación, é dicir, aquí todo o mundo está marcando o paso, tódalas entidades, tódalas institucións, todo o mundo está achegando, todo o mundo está facendo un recoñecemento ó labor permanente, diaria, o labor do que é a cultura galega, o labor do que é o prestixio e, polo tanto, hai un aspecto que pronunciaba o voceiro do Partido Socialista, de que se faga, de que teñamos coñecemento, evidentemente, pero iso cando a deputación financia, cando a deputación achega estas economías, ten que haer, por outro lado, a documentación necesaria que esixe a entidade provincial, igual ca outros organismos públicos para que realmente, porque do contrario non se librarían estes fondos.

E direi que, por ter unhas cifras encima da mesa, que nas obras de restauración e equipamento da casa número seis, onde se asentará o auditorio de 178 prazas, que ascenden a un investimento de 152 millóns de pesetas, a deputación achegou 35; direi que o que se gastou nesa casa número seis, que foron 70 millóns de pesetas, que tamén a deputación achegou unha cantidade importante, que no período 86-2000, é dicir, catorce anos, a fundación ingresou un total de 1.138 millóns de pesetas, ingresos que van destinados a mellorar as infraestructuras, os equipamentos e para que iso teña unha repercusión e un aproveitamento social, e dos que a Deputación provincial achegou, digamos, 107 millóns, é dicir, un 9,4% do total, estamos falando como se aquí fora un escándalo do que está achegando a Deputación provincial, o 9,4 do total ingresado pola fundación Camilo José Cela. Creo que a Deputación Provincial da Coruña debe achegar o 9,4 nestes 14 anos, e que é unha cantidade razoable e moi interesante, e que estamos orgullosos de facelo así, igual que temos que estar orgullosos de contar con un premio Nobel da categoría, e que nese sentido, que nos permite esa fundación aproveitarnos, entre comas, e utilizar o seu nome, o seu prestixio, para realizar todos aqueles aspectos, reitero, desde o que é a localidade de Padrón, desde o que é o contorno de Santiago, un enclave, digamos, histórico, un enclave mundialmente famoso e recoñecido, e que debe de ter unha conexión de complemento, e iso, situado dentro da provincia da Coruña e de Galicia, cremos que debemos de apoiar, sen ningún tipo de reservas. Eu así tamén llo solicitaría ó BNG, e nese senso que tiveramos unha decisión firme e clara no que debe de ser algo da nosa cultura, do noso patrimonio e dun aspecto singular e único, e que debemos de estar orgullosos por contar cun premio Nobel, e de que a deputación poida achegar un 9,4% dos últimos catorce anos do que significa nesa fundación. Moitas gracias.

Sra. Santiago López

Nosoutros contrariamente ó que di o voceiro do grupo popular, si que nos cuestionamos moito a importancia desa fundación, e parécenos que ese compromiso desta sociedade, de tódalas Administracións que están colaborando coa fundación, nin con moito se ve recompensado, nin correspondido por esta fundación. Encantaríanos ter os datos que ten vostede, pero curiosamente a nosoutros non chega nin, como mínimo, un orzamento completo, que sería o mínimo con que poder traballar, é dicir, temos simplemente un orzamento de gastos ordinarios, e de ingresos ordinarios, encantaríanos poder ter tódolos datos, saber efectivamente cómo lle están dando outras institucións ou entidades privadas a esta fundación.

E, por outra parte, non deixa de sorprendeme o argumento do orgullo que debemos de ter cun premio Nobel, afortunadamente non contamos cun astronauta, porque senón estaríamos colaborando nas viaxes espaciais da Nasa.

Xa dixen na intervención anterior que non estamos cuestionando esa figura, estamos cuestionando o funcionamento dunha fundación, e creo que é lícito cando esta deputación leva entregados a esta fundación 137 millóns de pesetas, que non estamos falando dun millón de pesetas, nin de medio millón, estamos falando de moitos millóns que pertencen ós cidadáns e cidadás da nosa provincia. Creo que é lícito cuestionar o funcionamento de algo ó que estamos achegando tanto diñeiro, e cos que, por suposto que non contamos con ningunha xustificación por parte, canto menos, deste grupo de goberno e se teñen eses datos, pásennolos e estudiaremos se cambiamos o noso voto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 2 deputados (PSOE- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no intre da votación - artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a subscripción dun convenio coa fundación Camilo José Cela para o financiamento do proxecto de Catalogación e dixitalización de fondos culturais, segundo o seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA, MARQUÉS DE IRIA

FLAVIA PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE CATALOGACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE FONDOS CULTURALS.

A Coruña, de de 2.001

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña, asistido polo secretario da Corporación, D. José Luis Almau Supervía

O Excmo. Sr. D. Camilo José Cela Trulock, marqués de Iria Flavia, Presidente da fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, en representación dela.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, en razón dos seus cargos, estanlles atribuídas e

EXPOÑEN

- 1.-Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.-Que o presidente da Deputación da Coruña é membro nato do Padroado da fundación desde o momento da súa constitución o 14 de xullo de 1986.
- 3.-Que as dúas entidades son conscentes e valoran a importante actividade cultural que desenvolve a fundación Camilo José Cela, maqués de Iria Flavia.
- 4.-Que a fundación pretende acometer no período 2000-2001 un proxecto de catalogación e xestión documental dos seus fondos culturais que facilite a consulta dos datos descritivos e das imaxes dos documentos vía ordenador, realizándose o acceso á dita información, ben por intranet nas aulas situadas na sede da fundación, ben a través de internet mediante un sistema OPACS (catálogo de acceso público), ou ben mediante coleccións reunidas en discos compactos.
- 5.-Que para o dito proxecto dispónse dun novo sistema de xestión documental desenvolvido gracias ó patrocinio de Telefónica de España S.A. e Terra que, en liña coa súa política de contribución social en temas referidos a sistemas de comunicación, asinaron, o 26 de decembro de 2.000, un convenio de colaboración polo que se comprometen a financiar o citado sistema, segundo proxecto presentado pola empresa Ifigencia Plus S.L., polo importe de 11.900.000.- ptas. máis IVE, os que se engadirán 5.000.000.- ptas. durante os anos 2.001, 2002 e 2003, en concepto de actualización.

6.-Que as tipoloxías documentais ás que se aplicará a referida ferramenta informática son as seguintes:

- * Monografías, para a catalogación da Biblioteca de Camilo José Cela, así como as súas obras nas súas múltiples edicións.
- * Publicacións periódicas, para catalogar a hemeroteca e os seus contidos.
- * Obras analíticas, para catalogar o arquivo de prensa.
- * Manuscritos das obras de Camilo José Cela; epistolario e obxectos patrimoniais, para a súa catalogación.

7.-Que este inxente fondo documental estímase que supera as 500.000 imaxes, cifra que explica o ambicioso do proxecto e a complexidade da súa dixitalización que necesariamente ha de ir precedida dun rigoroso labor de catalogación e clasificación, para a que se precisa recorrer tanto a documentalistas bolseiros como a empresas comerciais especializadas en dita tarefa.

8.-Que, ademais de reforzar o hardware actualmente dispoñible na fundación coa adquisición de novos equipos de gran capacidade, a fundación deberá dispor dun software específico, non incluído na oferta de Ifigenia Plus, S.L.

9.-Que co fin de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, acordan subscribir o presente convenio consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do proxecto de catalogación e dixitalización dos fondos culturais pertencentes á fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia.

En concreto, a achega da Deputación da Coruña destinarase a:

- * Bolsas para documentalistas que realicen as tarefas de catalogación e clasificación de fondos, así como a dixitalización daqueles que por razóns de seguridade (manuscritos) ou confidencialidade (epistolario) deban de realizarse na sede da fundación.

As bolsas terán unha asignación de 110.000 ptas. mensuais por bolseiro.

- * Adquisición de programas informáticos precisos para realizar as tarefas obxecto do convenio.

* Pagamento a empresas especializadas para a dixitalización de documentos fóra da sede da fundación.

Tal como figura no anexo ó presente convenio, o orzamento das actividades obxecto do convenio ascenden a 9.444.000.- ptas. (56.759,58 euros).

SEGUNDA.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de oito millóns cincocentas mil pesetas (51.086,03 euros).

Esta acehga supón unha porcentaxe de financiamento do 90,0042% do total dos gastos.

TERCEIRA.- Correspóndelle á Fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia a selección dos bolseiros, a adquisición dos programas informáticos, a contratación da empresa especializada en dixitalización, a organización e seguimento dos traballos, así como o aboamento de tódolos gastos derivados da realización das actividades obxecto do convenio.

En ningún caso a realización das actividades obxecto do presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas delas.

CUARTA.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de tres prazos, despois da certificación detallada dos pagamentos realizados, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

No caso de que non se xustifiquen a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 90,0042% da cantidade realmente xustificada.

QUINTA.- A fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, comprométese a destinar os fondos percibido co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

SEXTA.- O importe total da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia coas achegas doutras institucións, públicas ou privadas, non poderá superar o importe total dos traballos.

Para estes efectos, o director xerente da fundación deberá pór en coñecemento da Deputación da Coruña a totalidade das subvencións obtidas para a realización das actividades que se recollen neste convenio.

SÉTIMA.- Créase unha Comisión Mixta de Seguimento da execución do presente convenio formada polo presidente da Comisión de Cultura da Deputación da Coruña e o director xerente da fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, en caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

OITAVA.- A fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en todo o material que se realice a través do presente convenio, así como en toda a publicidade (tanto impresa como audiovisual) que xeren as súas actividades.

NOVENA.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 15 de novembro de 2.001.

DÉCIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado en tódalas cláusulas, estendéndose no lugar e data sinalados.

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo: Camilo José Cela Trulock

Asdo.: José Luis Almu Supervía”

ANEXO

ORZAMENTO DE GASTOS DO PROXECTO DE CATALOGACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE FONDOS CULTURAI DA FUNDACIÓN "CAMILO JOSÉ CELA, MARQUÉS DE IRIA FLAVIA".

CONCEPTO

IMPORTE

Bolsas	5.500.000.-
Programas informáticos	2.157.600.-
Dixitalización exterior	1.786.400.-
Total	9.444.000.-pts.

9.- CONVENIO COA FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA PARA O FINANCIAMENTO DE CURSOS DE VERÁN.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a subscripción dun convenio coa fundación Camilo José Cela para o financiamento de Cursos de verán, segundo o seguinte texto.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUAÑA E A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA, MARQUÉS DE IRIA FLAVIA PARA O CONFINCIAMENTO DOS CURSOS DE VERÁN

A Coruña, de de 2.001

REUNIDOS

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presdiente da Deputación da Coruña, asistido polo secretario da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

O Excmo. Sr. D. Camilo José Cela Trulok, marqués de Iria Flavia, Presidente da fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, en representación dela.

Os compoñentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, estanlles atribuídas e

EXPOÑEN

1.-Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que o presidente da Deputación da Coruña é membro nato do Padroado da fundación desde o momento da súa constitución o 14 de xullo de 1986.

3.-Que as dúas entidades son conscentes e valoran a importante actividade cultural que desenvolve a fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia.

4.-Que o padroado da fundación, reunido en xunta ordinaria o pasado 28 de novembro de 2.000, á que asistiu, en representación da Deputación da Coruña o seu vicepresidente segundo, D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, aprobou para o ano 2.001 o orzamento de gastos e ingresos ordinarios que se axunta como anexo 1 a este convenio.

5.-Que o dito orzamento inclúe unha partida de cinco millóns de pesetas (5.000.000.- ptas.) da Deputación da Coruña, para contribuír así ó mantemento da fundación.

6.-Que na devandita reunión formulouse como obxectivo prioritario para o exercicio a finalización das obras de restauración e equipamento da casa nº 6 do conxunto dos Canónigos, onde se asentará o paraninfo da fundación e para a súa realización dispónse dun orzamento independente.

Como actividades académicas salientouse a necesidade, a pesar dos lóxicos inconvenientes que producirían estas obras, acometer o proceso de dixitalización dos fondos documentais e manter a continuidade dos cursos de verán dedicados a analizar a obra literaria de Camilo José Cela que, no ano 2001 acadarán a súa sexta edición.

7.-Que, co fin de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, acordan subscribir o presente convenio, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do VI curso de verán A obra literaria de Camilo José Cela, que terá lugar en Iria Flavia, na sede da fundación, no mes de xullo de 2.001.

En concreto, a achega da Deputación da Coruña destinarase a financiar os gastos que figuran no orzamento que se xunta como anexo a este convenio.

SEGUNDA.- A Deputación da Coruña financiará o curso sinalado na cláusula anterior cunha achega máxima dun millón cincocentas mil pesetas (9.015,18 euros).

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 28,64% do total dos gastos e será compatible coas outras entidades públicas ou privadas.

TERCEIRA.- Co fin de facilitar as actividades necesarias para a organización do curso obxecto do presente convenio, a Deputación da Coruña aboará á fundación a cantidade de 750.000.- ptas. que se han xustificar tras a sinatura do convenio, trala presentación previa de aval polo citado importe.

CUARTA.- Co fin de percibir o resto da achega e como xustificación das actividades realizadas, unha vez finalizado o curso, a fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, remitiralle á Deputación da Coruña a seguinte documentación:

- Certificación na que se detallen tódolos gastos realizados con motivo da realización do VI curso de verán.
- Certificación dos ingresos producidos por matrículas e achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbera.

A deputación aboaralle a totalidade da súa achega (1.500.000.- ptas.) sempre que os importes dos gastos xustificadas sexa superior a 3.000.000.- ptas.; en caso contrario, aboará o 50% dos gastos xustificadas.

No caso de que a suma da achega da deputación e os restantes fora superior ó custo real do curso, a Deputación da Coruña diminuírá a súa achega ata cubrir os gastos realmente xustificadas.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

QUINTA.- A fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia, comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

SEXTA.- Créase unha Comisión Mixta de Seguimento da execución do presente convenio formada polo presidente da Comisión de Cultura da Deputación da Coruña e o director xerente da fundación Camilo José Cela, marqués de Iria Flavia.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

SÉTIMA.- A fundación Camilo José Cela, Marqués de Iria Flavia comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

OITAVA.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 15 de agosto de 2001.

NOVENA.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado en tódalas cláusulas, estendéndose no lugar e data sinalados.

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo: Camilo José Cela Trulock

Perante min

José Luis Almau Supervía”

ANEXO 1

ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS ORDINARIOS DA FUNDACIÓN "CAMILO JOSÉ CELA, MARQUÉS DE IRIA FLAVIA" PARA O ANO 2001

<u>GASTOS ORDINARIOS</u>	<u>IMPORTE</u>
--------------------------	----------------

PERSOAL

Salarios	36.500.000
Seguridade Social	8.500.000
Total	45.000.000

SERVICIOS

Electricidade	2.500.000
---------------	-----------

Teléfono	1.500.000
Mantemento	2.500.000
Representación	700.000
Portes	500.000
Locomoción	1.000.000
Seguimento de prensa	550.000
Material oficina	500.000
Total	9.750.000

PROFESIONAIS

Asesor bibliográfico	660.000
Asesor informático	3.000.000
Guía de visitas	1.200.000
Asesor fiscal	650.000
Restaurador	100.000
Outros	200.000
Total	5.800.000

SUBMINISTRACIÓN

Poxas de arte	100.000
Varios	2.000.000
Cursos de verán	10.000.000
Total	12.100.000

AMORTIZACIÓNS

Total	7.000.000
--------------	------------------

TOTAL DE GASTOS 79.650.000

INGRESOS ORDINARIOS IMPORTE

Univesidade Camilo José Cela	5.000.000
Universidade de Santiago	4.000.000
Fundación Barrié	5.000.000
Concello de Padrón	5.000.000
Deputación de Lugo	1.000.000
Deputación de Ourense	1.000.000
Deputación de Pontevedra	3.000.000
Consellería de Cultura	5.000.000
Deputación da Coruña	5.000.000
Fundación Caixa Galicia	5.000.000

Caixanova	5.000.000
Fundación Cultural Banesto	5.000.000
Achega persoal D. Max Mazín	4.000.000
Revista "El Extramundi"	5.000.000
Telefónica	5.000.000
Caja de Madrid	5.000.000
Outros recursos propios	5.000.000
Total	73.000.000
Outros ingresos	
Total	6.650.000
TOTAL DE INGRESOS	79.650.000

ANEXO 2

ORZAMENTO DE GASTOS DO VI CURSO DE VERÁN "A OBRA LITERARIA DE CAMILO JOSÉ CELA"

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Profesorado	1.400.000.-
Dirección	125.000.-
Axudas de custa e gastos de viaxe	695.000.-
Material didáctico	300.000.-
Publicidade (prensa, fotos, vídeo)	1.700.000.-
Autocares traslado cursillistas	267.500.-
Varios (material oficina, envíos...)	750.000.-
Total	5.237.500.-pts.

10.- PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA PROMOVER UNHA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN AMBIENTAL COA FUNDACIÓN FERNÁNDEZ LATORRE "PROXECTO VOZ NATURA".

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)
 Votan en contra: ningún deputado
 Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a fundación Fernández Latorre para financiar a elaboración do proxecto Voz Natura do ano 2.001.

2.-A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 12.000.000 de pesetas.

A achega poderá efectuarse consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/446A/489.99.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de de dous mil un.

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. Joaquín Evia Vázquez, en representación da Fundación Fernández Latorre.

EXPOÑEN

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Fernández Latorre consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar tódolos aspectos relacionados coa conservación do medio natural respecto á natureza e ó fomento da ecoloxía, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a realización de estudos ambientais, operacións de limpeza de áreas naturais, conservación de especies vexetais, de viveiros forestais, de rías e calquera outra encamiñada a inculcar nos cidadáns o respecto á natureza e o fomento da ecoloxía.

2.-Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudio, información e divulgación sobre a conservación do medio natural.

3.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Fernández Latorre, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.OBXECTO:

O programa Voz Natura, desenvólvese na provincia da Coruña e ten por obxecto a educación bioambiental dos estudantes de educación infantil, primaria, secundaria, especial, bacharel, COU e FP, coa finalidade da protección do medio natural desenvolvendo actuacións, entre outros, nos seguintes proxectos: recuperación de zonas afectadas por incendios forestais, plantacións de árbores, limpeza de ríos e arredores de praias, reciclaxe, reutilización e redución de residuos sólidos, urbanos, cultivos e adecuacións ambientais nos centros de ensino, e todo tipo de actuacións relacionadas co medio natural que fomenten a concienciación social sobre a defensa ecolóxica, de todas estas actuacións realizaranse campañas divulgativas en prensa, radio, televisión e cartelería.

O presente convenio ten por obxecto colaborar no financiamento da campaña do ano 2.001 do proxecto Voz Natura.

SEGUNDA. OBRIGAS:

O proxecto será desenvolvido a través de traballos, estudos e actividades á conservación do ambiente na provincia da Coruña, fomentando a sensibilización da poboación nesa materia. A fundación Fernández Latorre xestionará os programas, proxectos e actividades do proxecto Voz Natura facilitando a infraestrutura técnica e humana necesaria para a súa correcta execución.

Con anterioridade á posta en marcha do proxecto promoverase unha campaña no diario La Voz de Galicia na que se informará das actividades que se han desenvolver e convocarase un concurso de ideas que deberá ser valorado dentro de cada ámbito municipal e comarcal de Galicia. Esa delimitación territorial tamén será realizada no que se refire ós proxectos que afecten á provincia da Coruña.

A fundación Fernández Latorre asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en tódolos soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto Voz Natura.

TERCEIRA.-FINANCIAMENTO:

A Deputación da Coruña financiará o proxecto unha achega de 12.000.000 de pesetas (doce millóns de pesetas) co obxectivo de cubrir parcialmente o custo derivado de execución do proxecto Voz Natura, cun custo total que ascende a 46.945.273 ptas. a cantidade citada pagarase contra a presentación das facturas correspondentes referidas ás accións abrangidas no proxecto.

CUARTA. FORMA DE PAGAMENTO:

A achega provincial librarase en pagamentos proporcionais ás cantidades xustificadas e despois da acreditación dos gastos efectivamente realizados conforme á seguinte documentación.

- Achega da xustificación documental citada na cláusula quinta.
- Resolución da Presidencia.

O importe que se ha librar será o do 25,561% do total xustificado a que ascende o coeficiente de financiamento provincial. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ó orzamento da actividade a achega da deputación non superará a cantidade máxima de 12.000.000 de ptas. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificadas antes do 15 de decembro de 2.001.

A achega provincial citada representa un 25,561% do orzamento total da actividade.

A dita achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberán achegar declaración expresa das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

QUINTA. OBRIGAS FORMAIS.

A fundación Fernández Latorre deberá chegar a seguinte documentación xustificativa dos ingresos e gastos en que se incorrera para realizar o obxecto do convenio.

- Memoria das actividades desenvolvidas que acrediten o cumprimento dos fins e desenvolvemento das accións obxecto do convenio.
- Declaración da totalidade das subvencións públicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade.

- Xustificación documental dos gastos que acredite, a realización das actividades que constitúen o obxecto do convenio; mediante certificación detallada de tódolos gastos directamente relacionados coas actividades, os seus importes e o período a que se refiren ou facturas (bases 51.1 a.a) de execución do orzamento provincial).

SEXTA. NATUREZA XURÍDICA:

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con el será competencia das xurisdicción contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95 do 18 de maio de contratos das Administracións públicas.

SÉTIMA. COMISIÓN MIXTA:

Co fin de coordinar as actuacións que se deriven do presente convenio establecerase unha Comisión Mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade nomeados polo presidente da Corporación.

OITAVA. VIXENCIA:

O presente convenio finalizará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto nel e, en todo caso, o día 30 de novembro do 2.001.

En proba de conformidade as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

NOVENA. NATUREZA LEXISLACIÓN COMPETENTE:

O presente convenio ten natureza administrativa e as resolucións ou acordos que se adopten porán fin á vía administrativa e polo tanto, contra elas só cabe recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Correspóndelle ó Pleno da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio, oída a Comisión Mixta.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que xurdan na interpretación do presente convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 13/95 de contratos das Administracións públicas.”

11.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS TERMOS DO CONVENIO DOS GRUPOS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA (GMIR) 2001.

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Por ser unha modificación puntual dos termos do convenio para a formación dos grupos municipais de intervención rápida e posto que nosoutros votamos en contra do que foi a totalidade do convenio, neste punto, evidentemente, tamén imos votar en contra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Tendo en conta as circunstancias excepcionais que concorren no expediente: Modificar o teor literal da cláusula sétima do convenio suscrito entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e ou dezaseis concellos da provincia que teñen constituído o grupo municipal de intervención rápida (GMIR). Unha vez modificada a cláusula quedaría redactada como segue:

“Sétima. Vixencia:

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o primeiro de xaneiro de 2.001 e rematará unha vez cumprido o obxecto del ou en todo caso antes do 15 de decembro do ano 2.002.”

12.- MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNNS DE DELEGACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA REHABILITACIÓN DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE DOROÑA, VILARMAIOR.

(Entra o Sr. González Garcés).

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Modificar as condicións de delegación de contratación das obras do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular no senso de delegar no Concello de Vilarmaior a contratación e execución da obra Restauración da igrexa parroquial de Sta. María de Doroña cod. 99.4100.0262.0 de 9.935.000 pesetas de orzamento total.

2.-Anular os contratos conexas de control de calidade e seguridade e saúde da obra de referencia que foron aprobados polo Pleno corporativo da deputación nun importe de 99.350 e 70.000 pesetas, respectivamente.

3.-O presente acordo queda condicionado á definitiva incorporación de crédito con que facer fronte á achega provincial e á obra que se tramita no expediente de modificación de crédito 1/2001.”

13.- MOCIÓN POLOS DANOS OCASIONADOS POLO TERREMOTO NO SALVADOR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Como consecuencia dos acontecementos acaecidos no Salvador, que produciron efectos sobre as persoas e os seus bens indispensables.

Estimando que se dan, por tanto, circunstancias de solidariedade que requiren dunha pronta acción para paliar as consecuencias inmediatas para a supervivencia dos afectados.

Recollendo a vontade de tódolos grupos políticos desta corporación propónse a adopción do seguinte acordo polo pleno provincial.

1.-Expresar a solidariedade de tódolos grupos políticos desta Corporación e dos cidadáns da provincia da Coruña ós que representan, con tódolos afectados e os seus familiares, e trasladar esta declaración ós representantes do pobo salvadoreño.

2.-Iniciar, con carácter urxente e preferente, o correspondente expediente administrativo co fin de, despois dos trámites orzamentarios e formais que procedan, achegar coa maior celeridade a cantidade de 2.000.000 de pesetas a través da entidade sen ánimo de lucro que se determine.

3.-Facultar ó presidente da Corporación para levar a cabo cantas actuacións orzamentarias ou xurídicas sexan necesarias para executar o presente acordo.

4.-Das actuacións realizadas darase conta ó Pleno, tan pronto como sexa posible, por parte do presidente da Corporación.”

14.- RECURSO FORMULADO POLA SECCIÓN SINDICAL DE CCOO CONTRA OS ACTOS DE APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2001.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Anunciar a nosa abstención neste punto porque si, efectivamente, non queremos entrar no que pode ser a inadmisibilidade ou non do recurso, nosoutros entendemos que volve a saír á palestra, evidentemente, o tipo de negociacións que se están facendo coa Xunta de Persoal, onde por parte do que é o representante do equipo de goberno, está cerrando en falso unha vez máis os temas que formula a representación sindical e, polo tanto, nosoutros ímonos abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o escrito formulado por D. ALVARO TRILLO CAYÓN, actuando na representación da Sección Sindical de Comisións Obreiras (CC.OO., en diante), contra os actos aprobatorios do Cadro de persoal funcionario, laboral e eventual, e da Relación de postos de traballo do dito persoal e para o mesmo ano, aprobados polo Pleno do 29/11/2000 e publicados ámbolos dous no Boletín Oficial da Provincia nº 20, do 25/01/2001.

A).- ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- O Pleno da Corporación, na súa sesión do 29/11/2000, aprobou o cadro de persoal e a Relación de postos de traballo, para o ano 2.001, de todo o seu persoal

funcionario, laboral e eventual, publicándose no Boletín Oficial da Provincia nº 20, do 25/01/2001.

2.- A Sección Sindical de CC.OO., formula “recurso administrativo”, mediante escrito presentado con data do 23/03/2001, interesando a nulidade ou, subsidiariamente, a anulación dos devanditos actos de aprobación do Cadro de persoal e da relación de postos de traballo da Deputación para 2.001, con fundamento, en síntese, en que ámbolos dous foron aprobados sen negociación previa coa representación sindical e, ademais, pola infracción do ordenamento xurídico e, en especial, polos preceptos legais que citan no devandito escrito. Constan nos respectivos expedientes actas da Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario e da Comisión Negociadora do Persoal Laboral, con datas do 16 e 20/11/2000, nas que se negociaron as materias de que se trata.

3.- A Asesoría Xurídica da Corporación, emitiu informe en asunto análogo e substancialmente igual ó presente, expediente de “Recurso de reposición formulado pola F.E.P.-U.S.O. Galicia, contra actos aprobatorios da Modificación do cadro de persoal 2000 (Pleno do 28/07/2000), e da relación de postos de traballo 2000 (Pleno 26/05/2000).”

B).- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- INADMISIBILIDADE DO RECURSO COMO REPOSICIÓN.

a).- Considérase de plena aplicación ó caso presente do informe subscrito pola Asesoría Xurídica ó que se fixo referencia no antecedente de feito 3 precedente, que se acepta na súa integridade e do seguinte teor literal:

“1º.-...xa é sabido que a consolidada xurisprudencia afirma que as relacións de postos de traballo gozan da natureza de actos normativos que se integran no ordenamento xurídico, xa que os seus efectos non se esgotan co seu cumprimento, senón que teñen un carácter ordinamental, de xeneralidade e con vocación de futuro, do que o seu contido específico é a definición das características esenciais de cada posto de traballo (SsTS do 14.12.90, 30.05.91, 31.07.93, 26.05.94, 04.06.96 ou 27.04.00, entre outras moitas). No que os cadros de persoal se refire, os arts. 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (en adiante TRRL), dispoñen que só se limitan a dosificar os postos de traballo, o que podería facer pensar que carecen de compoñente normativo predicable ás relacións de postos de traballo; en realidade non é así xa que tamén a xurisprudencia unánime confire os cadros de persoal unha natureza normativa, pola súa vocación ordenadora e de xeneralidade por tódalas STS do 28.09.98). Non obstante aínda cando puidera entenderse que os cadros de persoal non

teñen carácter normativo, a súa aprobación e modificación non discorreu por unha vía administrativa senón que se segue o mesmo trámite procedemental previsto para a aprobación e modificación dos orzamentos (art. 162 TRRL). A consecuencia de todo o que se acaba de indicar non pode ser outra que a imposibilidade de recorrer en reposición os acordos plenarios que aproban os cadros de persoal e as relacións de postos de traballo, de sorte que contra estas só cabe acudir á vía xurisdiccional contencioso administrativa (art. 107.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 152.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais), non podendo aplicar o disposto no art. 52.1 da Lei 7/1985, xa que non nos encontramos con acordos que puxeran “fin á vía administrativa”. En definitiva, o recurso de reposición debe ser inadmitido, consonte co disposto no art. 113.1 da Lei 30/1992.”

b).- Aínda admitindo que os actos de que se trata foran recurribles en reposición, resultaría tamén a súa inadmisibilidade, por canto foi presentado fóra do prazo dun mes establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, tendo en conta que os actos foron publicados no Boletín Oficial da Provincia do 25/01/2001 e o recurso foi presentado con data do 23/03/2001.

II.- INADMISIBILIDADE DO RECURSO COMO SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO.

Considérase tamén de aplicación o devandito informe da Asesoría Xurídica, segundo o que:

“2º.-Sen prexuízo do indicado no punto anterior, non debe esquecerse que o procedemento administrativo baséase no principio antiformalista o que, no presente caso, implica que a errónea calificación do recurso interposto non impedirá a súa correcta tramitación sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (art. 110.2 da Lei 30/1992). Esa análise deductiva conduce a que a reclamación presentada pola representación da organización sindical... poida tramitarse como unha solicitude formal de iniciación de expediente de nulidade dunha disposición administrativa (art. 62.2 e 102.2 da Lei 30/1992) xa que, á postre, a pretensión é que se declare a nulidade dos acordos plenarios mencionados ó comezo do presente informe. 3º.-A teor do establecido no art. 102.2 da Lei 30/1992, “as Administracións públicas de oficio, e tralo dictame previo favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma se o houbera, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos establecidos no artigo 62.2”; no punto seguinte, ese mesmo precepto sinala que tamén poden acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de solicitar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da

comunidade autónoma, cando estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 62 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que destinaran en canto ó fondo outras solicitudes substancialmente iguais”... os acordos contra os que se recorreu foron obxecto de negociación... outra cousa é que non houbera existido conformidade, pero isto non resulta contrario á normativa reguladora da negociación colectiva dos funcionarios, nin impide que a Administración poida establecer unilateralmente as condicións de traballo (por todas a STS do 01.03.00). Ó ser incerto que a materia non se negociara previamente á súa aprobación plenaria, carece de fundamento o vicio denunciado...”.

No caso presente resulta acreditado, segundo as actas correspondentes, ás que se fai referencia no Antecedente de feito 2, que os asuntos de que se trata foron negociados nas reunións da Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario e da Comisión Negociadora do Persoal Laboral, previamente á súa aprobación polo Pleno da Corporación.

III.- Rexéitanse os fundamentos contidos no escrito de interposición do recurso, en consideración ó exposto nos fundamentos precedentes.

Visto os preceptos legais citados e demais concordantes e de aplicación.

DECLARA-la inadmisibilidade do recurso interposto pola representación da Sección Sindical de CC.OO., como de reposición, contra os actos de aprobación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo, ámbolos dous do persoal Funcionario, Laboral e Eventual para o ano 2.001, publicados no B.O.P. nº 20, do 25/01/2001; e declarar igualmente a inadmisibilidade a trámite do escrito de interposición do dito recurso como solicitude de revisión de oficio por causa de nulidade dos devanditos actos.”

**ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. presidente

Neste punto hai unha proposta do BNG sobre o día das Letras Galegas, ou normalización lingüística, que a figura de proposta, dalgunha forma, non entra legalmente, pero se a quere converter en moción, pódese debater. De tódalas formas, anticipolle que hai outra moción tamén no mesmo senso, por este mesmo tema, presentada polo grupo popular, entón a proposta, vólvolle a repetir, pode convertela en moción se o cre oportuno.

Sra. Santiago López

Nosoutros o que faciamos no noso escrito era solicitar que este Pleno debatesese, e a ser posible, aprobase, a declaración a favor da normalización do galego no ensino, que a Mesa de Normalización Lingüística presentou nesta deputación con data do 10 de abril. Nosoutros o único que queríamos era que aquí se puidese debater esta moción que presentaba a Mesa. De non ser así, por suposto, o que pediamos era que se fixese unha declaración por parte desta deputación de apoio ás reivindicacións que o día 17 se van formular con motivo do Día das Letras Galegas, e é que, nin máis nin menos, que se respecte o cumprimento do Decreto 247/95, que desenvolve a Lei de normalización lingüística no que se refire ó ensino non universitario, o desenvolvemento desta lei que permitiría que, dentro dos centros de ensino, a utilización da lingua galega tivera unha maior presenza, decreto que, por certo, non se está a cumprir, desenvolvendo, tal e como se debiera de cumprir. E ese era o sentido da nosa solicitude, non sei se a Presidencia ten previsto o debate desta moción que presenta a Mesa.

Sr. presidente

Non, non ten previsto esta Presidencia o debate desa moción que presenta a Mesa de Normalización Lingüística, porque se abrimos esa posibilidade, e tódalas institucións ou asociacións empezan a presentar mocións a esta cámara, creo que non parariamos. Insisto en que vostede, se ten unha proposta, de non aceptar esa proposta da Mesa, ou ese manifesto da Mesa, se ten vostede unha proposta, que a pode converter en moción e pódese abrir o debate, e iso é o que lle estou ofrecendo eu a vostede.

Sra. Santiago López

Convertimos esta proposta nunha moción, porque a proposta que se facía parécenos que non reflicte o interese da nosa proposta.

Sr. presidente

Faga vostede a proposta, ou se entendo que esa proposta é a que leu vostede, e paralelamente hai unha proposta tamén do grupo popular que tamén lle pido ó Sr. voceiro que a lea.

Sr. Varela Rey

Ante a proposta formulada pola representante e voceira, neste senso, do BNG, este voceiro fixera unha proposta que puidera ser de interese para tódolos grupos, pero que ó non ser así, nosoutros o que presentamos é unha moción alternativa nese sentido con motivo da conmemoración das Letras Galegas e nun sentido amplo de compromiso no que debe de ser o respecto e o apoio á Lei de Normalización Lingüística.

(Entra o Sr. Poza Domínguez).

Sr. Rodríguez Doval

É que é unha situación un pouco rara, porque a nosa moción figuraba no expediente, e esta que se presenta agora debería ser unha emenda, non sei..., dámos igual, que se discuta, oxalá aparezan máis, pero é unha cousa que se fai tanto no fervor de intentar dicir algo para non dicir nada que despois, ó final, sae o que sae, é dicir, claro, a proposta que nos presenta o Partido Popular, nosoutros estamos facendo unha proposta porque non se está cumprindo o decreto de utilización do galego nas aulas.

Sr. presidente

Perdón, Sr. Rodríguez Doval, para entrar no debate imos votar a urxencia destas dúas mocións, e logo abrírase un debate, crin que pedía a palabra por unha cuestión de orde ou algo, pero está vostede abrindo un debate, entón imos votar a urxencia, que é o que procede, destas dúas mocións e, en tal caso, abrírase o debate.

A continuación procédese a votar a urxencia da moción do BNG, e é aprobada por unanimidade.

Sométese agora a votación a urxencia da moción do grupo popular, a apróbase, igualmente, por unanimidade.

Sr. Rodríguez Doval

Vou ser moi breve, porque creo que se entende cál é o obxectivo... -non son moi breve, que non intervín nada, está Campo protestando, pero non intervín nada, estoume portando bastante ben-. Ia dicir que en todo caso a xustificación da nosa moción é consecuencia, eu creo que non se lle oculta a ninguén, dunha campaña que se está articulando por numerosos colectivos no ámbito galego, fundamentalmente desde os colectivos que teñen que ver co ensino, que perciben que, efectivamente, estase producindo unha perda do uso do galego nas aulas, pero non como unha cuestión caprichosa, senón mesmo en función do que está definido legalmente. Polo tanto, o que pide o BNG é que esta deputación, que é un órgano que está, que vivimos, dentro da sociedade, que manifestamos a nosa posición tamén respecto disto, e era exclusivamente iso, é dicir, unha petición específica sobre unha demanda social que está suscitada en amplos sectores sociais, que é esa demanda de que se pida o cumprimento do decreto que regula o uso do galego nas aulas.

Dicía eu antes que no fragor do debate o que parece é outra proposta que nosoutros non imos dicir que non nos parece ben, a nosoutros parécenos ben que a deputación amose o seu apoio e compromiso no cumprimento da Lei de normalización lingüística, na Lei galega de Administración local, na Constitución española, no Regulamento de tráfico, en todo iso, pero claro é un *desideratum* alucinante, porque claro, e vouno dicir ademais con toda a claridade, nosoutros imos votar que si, por nosoutros non vai quedar, pero claro, a deputación que pase de dicir que manifesta o seu apoio e compromiso no cumprimento da Lei de normalización lingüística, a cumprila, que pase diso, e non a está cumprindo, canto menos, desde o ano 85, en que sae unha norma que obriga ás corporacións locais a facer os dictames, votos particulares e propostas en lingua galega, e unha lei de Administración local do ano 97, que di radicalmente o mesmo, e esta deputación séguese incumprindo.

Polo tanto, nosoutros no *desideratum* coincidimos, desde logo, o compromiso maniféstase, como dicía o outro, o compromiso maniféstase andando, e esta deputación está facendo poucos, nulos esforzos no tema de normalización lingüística, e vou dar soamente un dato. Gustaríame saber como funciona o Gabinete de Normalización Lingüística desta deputación, e como está articulado o convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística que teñen as tres deputacións, como está articulado no caso concreto da Deputación da Coruña, gustaríame sabelo.

Entón, moi ben o apoio, moi ben o compromiso, pero a ver cando vemos algo, máis nada, imos votar que si no *desideratum*, votamos que si e o que faga falta, ademais como está aí o día das Letras Galegas todos queremos quedar ben, pero isto é unha cousa para os 365 días do ano, por iso dicíamos que nos chamaba un pouco a atención. Nosoutros facemos unha petición sobre un tema específico, e aquí o que vén é outra cousa, que está moi ben, queremos cumprir a lei, naturalmente que asinamos que queremos cumprir a lei, pero cumprámola, máis que facer declaracións, o que habería que facer é cumprir co noso

deber, que ademais está regulado en normas de rango superior a esta deputación, é dicir, non é discusión nosa, hai que cumprilo porque está así. Máis nada.

Sr. Fernández Moreda

A verdade é que estou perdido, porque aquí hai un texto do Bloque Nacionalista Galego onde penso que está mal formulado, que se podía presentar a declaración da Mesa de Normalización Lingüística como unha moción que se somete a discusión, apróbase ou non, e non está así presentado, e penso tamén que logo hai unha moción concreta que é: “Demandar da Administración autónoma que vele polo cumprimento do Decreto 247/95 que desenvolve a Lei de normalización lingüística para o ensino non univervitario. Así mesmo, este Pleno apoia o seu apoio á manifestación convocada en Santiago de Compostela para o xoves, 17 de maio, Día das Letras Galegas, en defensa da lingua galega, en demanda dunha maior galeguización do ensino.”

Imos darlle tratamento de moción, o grupo socialista estaría disposto a votar a primeira parte desta moción, é dicir, de esixir ou demandar á Administración autónoma que vele polo cumprimento do Decreto de normalización lingüística no ensino non universitario, e non estaríamos dispostos a votar, ou non votariamos favorablemente, a segunda parte da moción, que é o apoio á manifestación convocada pola Mesa de Normalización Lingüística, a CIG e outras institucións. E non apoiariamos tampouco a declaración da Mesa de Normalización Lingüística porque este é un problema moi grave e moi delicado, e non se pode tratar así, superficialmente. É dicir, en Galicia hai dous idiomas, e os dous teñen recoñecemento, constitucionalmente están recoñecidos o galego e o castelán, e houbo etapas na nosa historia en que o castelán se impuxo sobre o galego e creou problemas de tensión social e de confrontación social, e hai outras etapas que estamos vivindo agora onde se intenta impoñer o galego por riba do castelán, e creo que deberíamos de, entre todos, facer un esforzo na sociedade para que haxa unha coexistencia pacífica dos dous idiomas oficiais.

É indubidable que o idioma máis desfavorecido é o galego e hai que esixirles ás Administracións públicas que fagan un esforzo adicional para o uso e a utilización do galego, na vida universitaria, no ensino escolar, na vida social, política e económica, pero este esforzo débese de facer sempre, ó noso xuízo, sen imposicións, tratando de que convivan pacíficamente, porque hai unha parte que nos chama poderosamente a atención da declaración da Mesa de Normalización do galego que di: “Esta situación, ademais hai que enmarcala nun intre en que a lingua galega está sufrindo un preocupante retroceso no seo da sociedade galega, que se observa nunha latente diminución do seu uso social, sobre todo nas xeracións máis novas”. E isto ¿por que está pasando?, está pasando porque se impón, e a miña opinión, e debemos buscar un consenso social que nos permita que o idioma non sexa un elemento de confrontación e de tensión na sociedade, que sexa un elemento que conviva pacificamente, non sei cómo se pode facer, pero iso é o que temos que buscar, que conviva

pacíficamente, e non potenciar a imposición, porque a imposición ó que leva é ó descrédito, e leva, o que di a Mesa de Normalización Lingüística, a diminuír o seu uso social, porque hai xente que, cando se lle impón, séntese agredida, e é tan malo impor o castelán sobre o galego como impor o galego sobre o castelán.

Polo tanto, eu creo que este é un tema para debater máis fondamente, debater con tempo e con calma, porque este é un elemento crucial da convivencia en Galicia entre galegos, e hai un feito obxectivo: hai dous idiomas e os dous están en pé de igualdade e recoñecidos pola Constitución. Hai un dato obxectivo, o galego é o idioma propio de Galicia e iso implica que necesita un apoio, porque está en situación de desigualdade, pero ese apoio débese de conseguir sempre pola vía do consenso e non pola imposición, porque o que fagamos por imposición estamos creando uns canles que nos van desbordar, e que poden levar a situación diferentes ás pensadas no intre en que se tomaron esas decisións.

Como é un tema difícil, complicado, complexo, non é o debate este que estamos facendo aquí, simplemente saliento, estaríamos dispostos a votar a moción, a primeira parte da moción, demandar á Administración que cumpran as leis, iso que penso que é un pouco gracioso, demandarlle á Administración que cumpran as leis, as leis teranse que cumprir. E, desde logo, non estaríamos dispostos a asinar, e creo que non sería bo que unha institución se adherise a unha convocatoria partidista en defensa de nada, a institución adherirase á defensa, á defensa que temos que facer todos, pero non a convocatorias partidistas, é a nosa opinión. De refundirse a moción, coincidindo coa do Bloque, e o grupo socialista discutimos esta mañá nunha reunión a posición sobre este tema, acordáramos o grupo socialista solicitar, se era posible, que se votase diferenciadamente a primeira parte da segunda parte. Se se vota diferenciadamente, que coincide, coa proposta que fai agora *in voce* o grupo popular, o grupo socialista votaría esa moción, se a moción se mantén como está, o grupo socialista votaría en contra.

Sr. Varela Rey

Espero non estropear a magnífica intervención do voceiro do grupo socialista, co que coincido plenamente. E digo espero non estragar, unicamente, ó mellor, facer unha pequena reflexión, a maiores, se é que pode achegar algo.

A lingua galega será máis nosa se o facemos con normalidade; a lingua galega será máis nosa se é froito do cariño, e será máis difícil se tratamos de colocar bandeiras, e tratamos de impoñer. E, por facer unha reflexión, eu diría que no propio seo do ensino, o que se produciu na sociedade foi un péndulo que, aquela xente que tiña menos formación

cultural, falaba o galego, e os que tiñan maior formación, falaban o castelán. Hai un determinado momento na historia, e un ano determinado, que aquela xente que esgrime que ten máis formación pasa a falar o galego, un galego un pouco raro, pero pasa asumir eses postulados, e a xente que teoricamente falou o galego toda a vida, intenta falar o castelán.

¿Cal debe de ser a achega desde un punto de vista político? Eu creo que debe de ser velar e solicitar que iso se faga con normalidade, e sobre todo que nosoutros amemos e que queiramos a nosa lingua, e eu, como docente, nalgún momento fun crítico coa situación que se producía no ensino, cando a un neno ou a unha nena, dicíalle o profesor: “se non sabes facer a contracción desta maneira, e desta maneira, suspenso”. E resulta -e eu teño experiencias, creo que negativas, neste senso-, que xusto suspendían os nenos que falaban castelán, como sabían facer moi ben as contraccións, e estudiábano moi ben, eses aprobaban, claro que cando saían da aula seguían falando castelán.

Eu creo que, polo tanto, debemos de tratar isto con certo tacto e a preocupación debe de ser pola divulgación, polo apoio, por iso nosoutros creo que o punto concreto onde nosoutros baseamos a nosa proposta é que a deputación manifeste fundamentalmente o apoio, é un tema de vivenda, é un tema, non de impoñer. E a maiores, todos estamos vendo tódolos días que determinada xente, que trata de impoñernos o galego, logo ós seus fillos fálalles o castelán, resulta curioso, de verdade, é unha situación que podemos ver, e reitero, é unha visión persoal que eu podo ter, persoal, efectivamente, que non trato de ir máis alá, e loxicamente sobre este particular é todo opinable pero, en todo caso, seguramente que en moitas das apreciacións, ó mellor, estaríamos coincidindo.

Polo tanto, a proposta que eu lle facía ó BNG é que esta deputación, no ámbito da súa competencia, que é a nosa proposta, manifeste o seu apoio e compromiso no cumprimento da Lei de normalización lingüística. Se a normalización se ten que producir a través de manifestacións, algúns estaríamos máis preocupados, eu creo que non é por aí, creo que é un camiño errático, e creo que é un camiño equivocado se ten que ser a partir de aí como ten que promoverse o galego. Seguramente que ten que ser en base a promocións de actividades socioculturais, de actividades de querer todo o que é a nosa historia, a nosa xeografía, o que é a nosa música, o noso teatro, o que significa de por si Galicia e o amar, fundamentalmente, o galego.

Eu creo que neste senso a oferta que facemos de apoiar a solicitude, loxicamente non apoiariamos o feito de apoiar unha manifestación convocada en Santiago nesa liña. Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu, motivado polo interese que ten este tema, é un tema profundo que debemos tomar con toda a seriedade, e en aras dese consenso que pedía o Sr. Fernández Moreda, rogarialles ós tres voceiros que se reúnan e que intenten chegar a unha transaccional, a unha declaración institucional, se é posible.

Polo tanto, é un rogo que lles fai esta Presidencia, suspéndese a sesión por dez minutos.

Sr. presidente

Chegado a un acordo transaccional polos tres grupos políticos, rógolle ó Sr. secretario que dea lectura dese acordo que se aprobou por unanimidade.

Sr. secretario

“A Deputación Provincial de A Coruña, ademais de manifestar o seu compromiso a favor de iniciar o cumprimento total da lexislación vixente respecto do uso do galego na Administración local, demanda da Administración autonómica que vele polo cumprimento do Decreto 274/1995, que desenvolve a Lei de normalización lingüística para o ensino non universitario”.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Teño unha pregunta da Sra. Vázquez Veras sobre a estrada de Cambre ó Temple.

Sra. Vázquez Veras

A pregunta vén referida a que unha zona perigosa da estrada do Temple a Cambre, na zona que pasa polos muíños da Barcala, houbo unha visita por parte do presidente da Comisión de Vías e Obras, que tivo unha entrevista cun representante do Concello de Cambre e veciños da zona para chegar a un acordo respecto dunhas melloras que se tiñan que facer para garantir a seguridade vial. Como pasaron poucos días desde a visita do presidente da Comisión de Vías e Obras, a pregunta vai referida a ver cómo están os temas e os estudos que quedaron de facerse naquela ocasión.

Sr. presidente

Pódolle informar que está redactando xa o proxecto o Servicio de Vías e Obras para facer un carril de espera, un carril de espera que permita o xiro á esquerda no sentido do Temple a Cambre, e aproveitando ademais que o Concello de Cambre derrubou alí un edificio, aproveitando ese derrubamento do edificio vaise facer un carril de espera que favorecerá a seguridade dos xiros nesa estrada.

Tamén hai outra pregunta sobre unha listaxe de subvencións concedidas pola deputación no ano 2.000 do Concello de Oleiros, por suposto remesaráselle esa listaxe, e outra máis súa tamén, relativa ó Concello de Culleredo, tamén faremos o mesmo.

Hai outra tamén do Sr. Porto Serantes relacionada con entidades de Fisterra, relación de subvencións concedidas a entidades de Fisterra, remesarémolle ese tema.

Despois hai outra da Sra. Margarida Vázquez, tamén polo reparto das prazas ós concellos que visitaron o Acuario, a Casa das Ciencias, enviareilla, pero xa lle podo anticipar algo. Concellos ata 15.000 habitantes, 50 escolares; de 15.001 a 25.000, 100 escolares, e máis de 25.001, 150 escolares. O prazo para visitas, a medida que ían enviando os anexos que se lles enviaron, así foise atendendo a todos. Eu se mal non lembro, creo que foron sobre uns 600 ou máis escolares de toda a provincia que visitaron eses centros, e eu creo que foi un éxito estupendo, e creo que hai que resaltar e loubar ese convenio co Concello da Coruña onde hai un apoio á Orquestra Sinfónica, e hai unhas contrapartidas, como é este tema da visita a este centro ou a estes sitios, eu creo que de interese para os nosos xoves.

Tamén hai unha pregunta da Sra. Candocia Pita, fala do Plan de recuperación de arquitectura popular, é un tumbo grande, dámosllo inmediatamente. Eu non teño máis preguntas, non sei se hai algunha pregunta máis ou algún rogo.

Sr. Rodríguez Doval

Dous rogos, non sei xa se terminou a rolda de contratos cos concellos por áreas, respecto do tema da renovación dos convenios para recadación, non sei se terminou ese proceso ou non, en todo caso, por se non terminou, é un rogo, que eu rogaríalles ás persoas que asistan alí en representación da deputación, o maior rigor na explicación da proposta que se lles está tramitando, que en todo caso será unha proposta inicial, porque aínda non está aprobada por este Pleno, pero sobre todo rogaría que se transmitise correctamente a implicación, entre comiñas, do resto dos grupos na proposta que se fai, porque segundo as miñas informacións, houbo unha mala comprensión, ou como fose, pero dáme a impresión de que non, que pouco menos se dixo que había un acordo unánime dos tres grupos na proposta que se lle está tramitando ós concellos e, desde logo, pola parte que lle corresponde ó BNG, nada máis lonxe da realidade, en todo caso nosoutros o que dixemos foi unha cousa ben distinta. A proposta correspóndelle ó grupo de goberno, nosoutros

estamos sendo respectuosos, estamos permitindo que iso se faga, pero que se saiba que o BNG ten outra posición.

Entón, eu non sei se foi unha mala comprensión, en todo caso pediría a maior dilixencia na implicación que se nos fai ó resto do grupos nesa proposta que se está tramitando.

Máis nada que era iso.

Sr. presidente

Creo e podo confirmar, que esa rolda de visitas terminouse, cerrouse xa, e o Sr. Erias creo que ten que aclarar algo nese sentido.

Sr. Erias Rey

O Sr. Rodríguez Doval é coñecedor de que na comisión aprobouse co voto do Partido Socialista e co voto do Partido Popular e o Partido Socialista indicounos, creo lembrar, que o Sr. Lagares nos dixo que nos felicitaba pola proposta feita e fixéronse algún tipo de consideracións.

Nosoutros dixemos que estabamos dispostos a que os distintos grupos e os seus voceiros acudiran a esta reunión, porque non queriamos facer disto unha cuestión partidista, eu non sei se as informacións que ten o Sr. Rodríguez Doval son o sentido de que, nalgún momento, eu dixen que fora por unanimidade, nunca dixen que fora por unanimidade. En Betanzos asistiu o Sr. Lagares e sabe moi ben o que dixen, en Ribeira estivo o Sr. presidente e sabe moi ben o que dixen, en Ortigueira houbo 10 ou 12 concellos, e saben ben o que dixen; nunca dixen unanimidade, dixen que tódolos grupos políticos da deputación expresaban a conveniencia, e que nunca o grupo provincial do Partido Popular quería facer disto unha cuestión partidista, porque era máis de dez anos, ou era máis do mandato dunha lexislatura e que, polo tanto, o que intentabamos era alcanzar un consenso con todos e prestar os servizos que aqueles concellos nos demandaran á carta, atendendo a todos e cada un destes. Se dalgunha forma se interpretou isto, repito, en ningures o dixen, e é máis, na última visita que tiver, que era en Ferrol, por cortesía, porque eramos coñecedores tamén de que o Concello de Ferrol adoptara unha decisión contraria a este asunto, díxenlle ó Sr. Rodríguez Doval se el quería acompañarnos que non tiñamos ningún problema, igual có resto dos voceiros.

Polo tanto, nunca fixen unha cuestión partidista deste asunto, sempre fixen unha cuestión de interese provincial, dicindo que a deputación presta servizos e que proporciona infraestructuras, e que tiñamos o máximo empeño de que estes servizos tiveran a maior

calidade e responderan ó que nos demandan os concellos, iso foi o que dixer. En tódolos sitios nos que estiven, se alguén interpretou que había unanimidade, a verdade é que eu nunca dixer isto. Levouse a unha Comisión Informativa, dixer que isto era froito do que os técnicos elaboraran e, a partir do que os técnicos elaboraron, que estabamos dispostos a correxir, cando fora necesario, ata onde se puidera chegar con responsabilidade.

Polo tanto, insisto, con respecto para tódolos que participaron nestes temas, ninguén nos dixo semellante cousa e, polo tanto, non pode haber nunca esa interpretación, pode darse a circunstancia de que alguén que escoitara cousas as lera doutra forma porque pensaba doutra maneira, pero non porque se dixera.

Sr. Lagares Pérez

Simplemente para lle facer unha pequena matización ó Sr. Erias. O grupo socialista fixo unha intervención favorable a determinados aspectos do convenio, dicindo que se melloraban as condicións e se ofertaba un servizo mellorado de cara ós concellos. Diso, a dicir que votamos a favor, non é así porque non se emitiu dictame sobre o asunto na comisión, foi unha comisión meramente informativa e, tamén dixemos que os concellos, individualizadamente, con respecto total e absoluto á súa autonomía municipal tiñan o seu posicionamento e que o grupo provincial socialista, no seu momento, terá o seu posicionamento. Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu creo que o rogo do Sr. Rodríguez Doval está máis que contestado e aclarado todo. ¿Algún rogo ou algunha pregunta máis?

Sr. Mirás Franqueira

Eu quería facer un rogo a propósito dun accidente de tráfico ocorrido o día 22 deste mesmo mes na estrada Ordes-Pontecarreira, na que houbo dúas vítimas mortais, e nese treito onde se produciu o sinistro, había uns días que se tratara con rega asfáltica e como consecuencia disto estaba sen pintar e sen sinalizar, é dicir, carecía totalmente de sinais.

Eu non vou dicir aquí, non está probado, tampouco vou dicir que ese sinistro se producira debido a non estar sinalizado, nembargantes, o que si é certo é que, unha vez producido o sinistro, foise por alí e colocouse de novo sinalización de que estaba o treito en obras e sen pintar.

Eu pídolle, o rogo é, Sr. presidente, que se tomen as medidas oportunas para que isto non volva ocorrer porque a verdade é que é unha imaxe bastante deplorable, e que logo, despois, sinalicen unha vez que ocorre isto que xa non ten remedio.

E quería, se me permite tamén, facer outro rogo, trátase dunha estrada, a estrada Ordes-Carballo, é unha estrada que, se ben, é da Xunta, está moi deteriorada, e ten unha cousa moi curiosa, que cando pasas por territorio de Cerceda é unha auténtica marabilla, e logo pasas o territorio de Cerceda, e non vou dicir que estea como unha corre道ira, porque unha corre道ira non é, pero é bastante parecido a iso, é dicir, unha estrada case do século pasado. Entón, desde aquí instar á Xunta para que arranxe esa estrada que está en moi mal estado, case está intransitable.

Gracias.

Sr. presidente

Moitas gracias a vostede, Sr. Mirás, tomamos boa nota dos seus rogos, e os Sr. responsable de Vías e Obras, o Sr. Pose, tamén, e ben, o concello de Cerceda é un concello forte economicamente e, polo tanto, pode ter boas estradas.

Sr. Mirás Franqueira

É sobre algunhas preguntas que xa fixen hai algún tempo, e é sobre a ponte do Recreo no propio caso de Ordes, que segue sen facerse esa obra, hai aproximadamente catro anos que está licitada, a data concreta non a sei, pero ben, iso segue sen facer; a mesma sorte ocorre coa ponte de Poulo, a ponte de Marzoa e a ponte Pinguela en Aiazo, Frades, é dicir, que esas obras seguen sen facer e habería que dar, eu quixera unha explicación convincente sobre este tema, non dicir que falta a autorización de Augas de Galicia, porque Augas de Galicia se non deu esa autorización, haberá que esixir que dean as autorizacións para facer as pontes canto antes porque eu creo que isto xa non é xustificación.

E quería formularlle unha pregunta máis, Sr. presidente, respecto da Universidade de Santiago, porque eu desde hai tempo vexo que á Universidade de Santiago non se lle está a facer ningún tipo de obra, nin ningún tipo de axuda, nin bolsas, nin nada, entón, a miña pregunta é a seguinte: ¿é que a Universidade de Santiago non pide?, porque claro, creo que non fai falta lembrar que a Universidade de Santiago é tanto da provincia como da Coruña, e se houbo algún contacto, por exemplo, co rector da Universidade de Santiago entre vostede, Sr. presidente, e o rector.

Sr. presidente

Por suposto que a Universidade de Santiago é unha universidade desta provincia, á parte de ser unha das grandes universidades de España, creo que é a universidade pioneira de Galicia con 500 anos, aproximadamente, polo tanto eu creo que é un tema a ter en conta, onde creo que case todos estudiamos alí dunha cousa ou outra. Por suposto, dicíndolle a verdade que tiña unha entrevista hai tempo co Sr. rector, non sei por que motivo de causa de forza maior foi suspendida, pero iso non quere dicir que os contactos entre o Sr. rector da Universidade de Santiago e o presidente da deputación existan, e tanto é así que en breve, que estivo pendente polos terreos, terémonos que reunir os dous pola estrada de San Lorenzo, estrada de San Lorenzo que, como ben sabe vostede, vai desde o Pombal ata o hospital clínico novo, que ten gran importancia para todo o mundo, pero máis concretamente para a universidade, para o campus universitario.

Polo tanto, se a pregunta era que se había algún roce, ou algún mal entendemento, ou falta de entendemento coa Universidade de Santiago e co seu rector, dígolle que todo o contrario, as relacións son boas, e que temos contacto, e reuniremonos en breve por ese tema concreto.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario dou fe.